

informe de actividade issga 2012



Informe de Actividade 2012

INSTITUTO GALEGO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL (ISSGA)

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Traballo e Benestar
2013

Edición: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Elaboración: María Jesús Copa Arias
Alberto Conde Bóveda

Depósito legal: C 239-2013

Imprime: NINO-Centro de Impresión Dixital

1ª edición, 2013

Índice

Limiar.....	5
1 Estrutura e organización	7
1.1. Órganos de dirección e xestión.....	7
1.2. Órganos de xestión	11
2. Recursos	15
2.1. Recursos humanos.....	15
2.2. Recursos económicos	18
2.3. Instalación e dotación de medios	19
2.4. Mellora da calidade	22
3. Actividade institucional	25
3.1. Normativa	25
3.2. Accións de promoción: campañas, actos de presentación e participación en congresos e outros foros.....	25
3.3. Publicacións	32
3.4. Consultas técnicas	37
3.5. Formación interna.....	38
3.6. Participación en grupos de traballo e xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades	40
4. Relacións con outros organismos.....	57
4.1. Convenios.....	57
4.2. Coordinación con outros organismos da Administración	58
5. Actuación técnica.....	61
5.1. Tarefas de investigación e asistencia técnica	61
5.2. Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral	66
5.3. Asesoramento	67
5.4. Accións formativas	73
5.5. Hixiene analítica	79
5.6. Medicina do traballo	83
6. Directorio.....	85
7. Anexos.....	87

O instituto dentro das funcións legalmente atribuídas ten o deseño das súas principais liñas de actuación na estratexia en prevención de riscos laborais consensuada polo goberno de Galicia e os axentes sociais para o período 2011-2014; así, o ISSGA, como órgano encargado da xestión e a coordinación das políticas adoptadas nesta materia, concreta a execución das súas tarefas nos sucesivos plans anuais de actividades do Instituto.

No contexto aludido, a Comisión de Goberno do ISSGA, na súa reunión do 15 de decembro de 2011 aprobou o Plan de actividades 2012, e estableceu as liñas dese ano para dar cumprimento aos obxectivos contemplados na Estratexia en prevención de riscos laborais, Galicia 2011-2014. A participación cualificada dos axentes sociais (UGT Galicia, SN de CCOO de Galicia, CIG e CEG) no máximo órgano de goberno do ISSGA pon de manifesto que as actividades recollidas no plan, e cuxa execución se reflicte nesta memoria, deben identificarse como un traballo conxunto de todos os implicados no eido da seguridade e saúde laboral en Galicia.

No artigo 6 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, establécese que con periodicidade anual se elaborará unha memoria de actividades da que se dará conta ao Parlamento de Galicia para os efectos de control deste organismo. Mandato que se cumpre con este documento que, sen pretender ser exhaustivo, recolle o que consideramos fundamental do noso traballo no ano 2012, e estrutúrase en sete puntos: a estrutura e organización, os recursos, a actividade institucional, as relacións con outros organismos, a actuación técnica, o directorio e os anexos.

Superado o 2012 e polo tanto os dous primeiros anos de vixencia da estratexia, cómpre dar conta do realizado, debe poñerse énfase en que a visión non debe ser só cuantitativa, senón e sobre todo cualitativa e de resposta efectiva ás demandas da sociedade, así, a elaboración de proxectos cunha notable complexidade técnica, como pode ser o mapa de risco químico, o plan de sobreesforzos, o gran avance na materia de coordinación coa autoridade sanitaria en aspectos como a sospeita de enfermidades profesionais, na protección dos traballadores expostos ao amianto e a normalización de información para posibilitar a asunción polos terceiros obrigados dos custes pola asistencia sanitaria prestada polo Sergas, a nova forma de mancomunar coñecementos e recursos nos proxectos conxuntos con outros institutos do norte de España nun sector de tanta preocupación como é a pesca, a Escola galega de prevención para amosar dende nenos o valor da anticipación ao risco e a necesidade de combatelo na súa orixe, etc., fan que se avalíe como moi positivo o traballo das persoas que integramos o ISSGA e que moito do emprendido supoña unha nota de avance e reforce ao ISSGA como órgano transversal para todo o que se refire a saúde e seguridade no traballo.


Confiamos en que todo este traballo teña continuidade e que axude a pór en valor a necesaria asunción, e máis nestes tempos de crise, da prevención de riscos laborais polo tecido empresarial, traballadores e traballadoras e, en xeral, pola sociedade galega, para evitar custos incompatibles co dereito ao traballo nun estado de benestar.

Adela Quinzá-Torroja García

Directora do ISSGA

I Estructura e organización

A Lei 14/2007, de creación do ISSGA, desenvolve a estrutura e organización do organismo autónomo, e o Decreto 130/2008 establece a estrutura orgánica e funcional dos órganos de dirección e xestión.



I.1. Órganos de dirección e xestión

I.1.1. Comisión de Goberno

A Comisión de Goberno é un dos órganos de dirección do Instituto. Os seus membros, agás os designados por razón do seu cargo, foron nomeados por orde da persoa titular da consellería competente en materia de traballo, por proposta das consellerías e das organiza-

cións sindicais e empresarial, conforme a composición definida no artigo 7 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

As súas funcións, recollidas no artigo 8 da citada lei, son:

- Establecer os criterios xerais de actuación en materia de seguridade e saúde laboral na comunidade autónoma, en virtude das políticas, dos programas e dos plans que estableza o Consello da Xunta de Galicia.
- Establecer as liñas xerais de actuación do Instituto e aprobar o Plan anual de actividades.
- Aprobar o anteproxecto de orzamento anual.
- Elaborar o seu propio regulamento orgánico de funcionamento.

A Orde do 9 de novembro de 2009 actualiza a composición da Comisión de Goberno (DOG núm. 228, do 20 de novembro).

Presidencia

Odilo Martiñá Rodríguez, director xeral de Traballo e Economía Social

Vicepresidencia

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo, secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade

Ángel Bernardo Tahoces, director xeral de Industria, Enerxía e Minas

Vogais

Adela Quinzá-Torroja García, directora do ISSGA

José Rega Piñeiro, subdirector xeral Técnico e de Planificación do ISSGA

José Ignacio Garrote Freire, xefe do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Carlos Bellas Cebreiro, UGT - Galicia

Ascensión Esteban Ceballos, SN de CCOO de Galicia

Fernando Sabio Maroño, Confederación Intersindical Galega

Antón Arias Díaz-Eimil, Confederación de Empresarios de Galicia

Ovidio Pérez Reñones, Confederación de Empresarios de Galicia
José Antonio Neira Cortés, Confederación de Empresarios de Galicia

Secretaría

Patricia García Antelo, subdirectora xeral de Administración e Persoal do ISSGA

Secretario/a suplente, o/a titular da xefatura do Servizo de Administración xeral do ISSGA

Actividades da Comisión de Goberno

- Reunión en sesión ordinaria o día 26 de marzo coa seguinte orde do día:
 1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior núm. 4/2011
 2. Situación do persoal técnico do ISSGA
 3. Posta en marcha dos grupos de traballo
 4. Posta en marcha da campaña de Sensibilización contra a sinistralidade
 5. Presentación do avance do informe da 1ª fase do mapa de risco químico
 6. Información do programa de redución da sinistralidade no sector forestal
 7. Publicacións editadas polo ISSGA
 8. Rolda de intervencións

- Reunión en sesión ordinaria o día 15 de xuño coa seguinte orde do día:
 1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior núm. 1/2012
 2. Informe de execución do Plan de actividades do ISSGA durante o primeiro cuadrimestre
 3. Presentación do estudo en canteiras de lousa na provincia de Lugo (inclúe póster)
 4. Presentación do estudo da eficacia dos plans de loita (inclúe póster)
 5. Presentación do borrador de Estatutos do ISSGA (adaptación Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia)

6. Estado dos grupos de traballo de amianto, silicose, educación e proxecto saúde laboral
 7. Posta en marcha dos comités provinciais de Seguridade e Saúde Laboral
 8. Programa de vixilancia da saúde dos traballadores que estiveron expostos ao amianto 5 anos, PIVISTEA
 9. Publicacións editadas polo ISSGA (Informe de actividades 2011 e Anuario de sinistralidade 2011)
 10. Rolda de intervencións
- Reunión en sesión ordinaria o día 19 de novembro coa seguinte orde do día:
 1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior núm. 2/2012
 2. Informe de execución do Plan de actividades do ISSGA durante os primeiros nove meses do ano 2012
 3. Presentación do informe de accidentes de traballo, co acumulado de xaneiro a setembro de 2012
 4. Presentación do informe de formación
 5. Programa de vixilancia da saúde dos traballadores que estiveron expostos ao amianto cinco anos, PIVISTEA. Información sobre os recoñecementos levados a cabo en Ferrol no sector naval (punto engadido a petición do representante de UGT, Carlos Bellas)
 6. Situación preventiva no sector da automoción (punto engadido a petición dos representantes da CIG, CCOO e UGT, Fernando Sabio, Ascensión Esteban e Carlos Bellas respectivamente))
 7. Publicacións editadas polo ISSGA
 8. Rolda de intervencións
 - Reunión en sesión ordinaria o día 26 de decembro coa seguinte orde do día:
 1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior núm. 3/2012
 2. Aprobación do anteproxecto do orzamento 2013
 3. Aprobación do plan anual de actividades do ISSGA para o 2013
 4. Rolda de intervencións

I.1.2. Dirección do ISSGA

A dirección do Instituto correspóndelle á persoa que, con categoría de director ou directora xeral, se nomee por decreto da Xunta de Galicia por proposta do titular da consellería competente en materia de traballo.

As súas funcións, recollidas no artigo 6 da Lei 14/2007, son:

- Representar institucionalmente o Instituto.
- Dirixir os servizos administrativos do Instituto e desenvolver a xefatura do todo o persoal ao seu servizo.
- Autorizar os gastos necesarios e ordenar os pagamentos correspondentes do Instituto.
- Elaborar o borrador do anteproxecto de orzamento para a súa presentación á Comisión de Goberno.
- Representar legalmente o Instituto. Actuar como órgano de contratación e subscribir os convenios e os acordos que corresponda.
- Elaborar a memoria anual para a súa remisión á Comisión de Goberno.
- Proporcionarlles ás consellerías con competencias concorrentes na materia de seguridade e saúde laboral tanta información precisen para o desenvolvemento das súas funcións.


A directora do ISSGA, **Adela Quinzá-Torroja García**, foi nomeada polo Decreto 361/2009 (DOG núm. 149 do 31 de xullo do 2009).

I.2. Órganos de xestión

As funcións dos órganos de xestión recóllense nos artigos 5 e 6 do Decreto 130/2008.

No desenvolvemento destas funcións, especialmente das de carácter técnico, é fundamental a actividade dos centros de seguridade e saúde laboral, que actúan como instrumentos de asesoramento, control e asistencia técnica das actividades en materia de prevención de

riscos laborais, ao tempo que acollen actividades formativas e desenvolven labores de información.



A estrutura xeral dos centros territoriais indícase nas páxinas seguintes.

Centro ISSGA A Coruña



Centro ISSGA Lugo



Centro ISSGA Ourense



Centro ISSGA Pontevedra



2. Recursos


2.1. Recursos humanos

Para a xestión das súas funcións, o ISSGA conta cun cadro de persoal formado por 143 persoas, das que un 12,59% é persoal laboral e un 87,41%, funcionario. O 86,71% traballa nos centros territoriais e o 13,29% na sede da Dirección.


A creación do organismo autónomo e a posta en marcha da súa estrutura orgánica e unidades administrativas supuxo a necesidade de creación de determinados postos de traballo que, xunto coa integración do persoal dos centros territoriais, deu lugar a unha modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Traballo e Benestar que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2008 e publicada no DOG do 14 de novembro.

SEDES	Funcionarios	Laborais	Totais
Santiago	19	0	19
A Coruña	33	7	40
Lugo	17	3	20
Ourense	15	3	18
Pontevedra	41	5	46
Totais	125	18	143

DISTRIBUCIÓN POR SEDES DO ISSGA




DISTRIBUCIÓN POR CATEGORÍA DE PERSOAL



Os postos de persoal técnico de prevención de riscos laborais supoñen unha porcentaxe significativa respecto ao total do cadro de persoal, tal e como se reflicte no cadro da páxina seguinte.

Sedes	Cadro de persoal	Cubertos	Técnicos de prevención de riscos laborais	Cubertos	Porcentaxe de técnicos
Santiago	19	18	7	6	36,84 %
A Coruña	40	35	21	19	52,5 %
Lugo	20	18	13	12	65%
Ourense	18	17	11	10	61,1 %
Pontevedra	46	37	24	18	52,17 %
Totais	143	125	76	65	53,14 %



Na sede da Dirección do ISSGA, a través da Subdirección Xeral de Administración e Persoal, realízanse as tarefas propias da xestión do persoal mediante o programa informático CEPAL. Realízase toda a tramitación administrativa relacionada co persoal: tomas de posesión e cesamentos, redacción dos contratos do persoal laboral e prórrogas, licenzas e permisos, xestión das altas e baixas na Seguridade Social, incapacidades temporais, partes de alta, baixa e confirmación, etc.

2.2. Recursos económicos

O orzamento do ISSGA vén dado pola correspondente transferencia de crédito da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar.

O importe transferido correspóndese co orzamento de ingresos do que o Instituto dispón para a execución das súas actuacións durante o exercicio económico do 2012, para facer fronte aos gastos de persoal, funcionamento e operatividade dos servizos centrais e dos centros territoriais e investimentos de carácter material e inmaterial, así como para o cumprimento das accións incluídas no Plan anual de actividades do Instituto.

ORZAMENTO DE INGRESOS (en euros)	
ADMINISTRACIÓN XERAL - CAP IV	6.221.823
ADMINISTRACIÓN XERAL - CAP V	5.000
ADMINISTRACIÓN XERAL - CAP VII	730.261
TOTAL	6.957.084

ORZAMENTO DE GASTOS (en euros)	
CAPÍTULO I. GASTOS PERSOAL	5.498.290
CAPÍTULO II. GASTOS BENS CORRENTES E SERVIZOS	728.533
CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS:	
Programa 324B	723.361
Programa 581A (Plan galego estatística)	6.900
TOTAL	6.957.084

2.3. Instalación e dotación de medios

Contratación

Ao Instituto correspóndelle a xestión dos expedientes de contratación incluídos dentro do ámbito da súa competencia. No ano 2012 desenvóléronse as seguintes actuacións:

- Prórroga do contrato do servizo de limpeza do centro do ISSGA da Coruña (Expte. 1/2011).
- Contratación por lotes, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da instalación e explotación de máquinas expendedoras de bebidas quentes, frías e de produtos sólidos nos centros do ISSGA na Coruña e Pontevedra (Expte. PA 1/2012), adxudicándose no centro do ISSGA na Coruña (Lote 1).
- Adxudicouse a contratación, polo procedemento aberto, multicriterio e tramitación ordinaria, do servizo de limpeza do centro do ISSGA de Pontevedra (Expte PA 2/2012).

Así mesmo, participouse nos seguintes procedementos de contratación centralizada:

- Subministración sucesiva por prezo unitario de combustible para os vehículos do Parque Móbil da Consellería de Traballo e Benestar, polo procedemento aberto (Expte. SUSE 03-PL).
- Subministración sucesiva de combustible de calefacción, gasóleo C, a centros dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria (Expte. 2012.1 CTB.A)
- Prestación dos servizos postais e telegráficos da Xunta de Galicia, polo procedemento aberto (Expte. SESE 11-PL).

Informatización

Co obxectivo de contar cun sistema que sirva de apoio á xestión eficaz do organismo, e de acordo coas novas tecnoloxías, o Instituto realizou as seguintes actuacións nesta área:

- Infraestruturas e redes:
 - Cambio de dominio de todos os equipos a dominio “xunta”, seguindo as instrucións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).
 - Como complemento ao anterior, instalouse no centro de Pontevedra un servidor de dominio, motivado polos problemas de rede que ten o citado centro, que dificultan notoriamente a utilización de servidores remotos.
 - Instalouse unha liña ADSL nova no centro de Pontevedra, coa finalidade de ampliar o largo de banda e, desta forma, mellorar parcialmente a conexión á rede, que no caso deste centro é deficitaria. Así mesmo, priorizouse o tráfico entre o centro e o Ministerio de Traballo e Seguridade Social en relación coa xestión da aplicación Delta (partes de accidentes de traballo).
 - Efectuouse a migración dos servidores de ficheiros do ISSGA aos servidores da Amtega, en congruencia coas políticas de racionalización e optimización dos recursos existentes.
 - Xestionouse o traslado da web escoladeprevencion.com e a migración do seu dominio á Amtega.
 - Continuidade do contrato de equipamento informático en modo *renting*, dentro do concurso centralizado convocado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Expte. 19/2010, lotes 2 e 4).
- Aplicacións e bases de datos:
 - Continuidade no desenvolvemento e mellora de contidos da nova páxina web do ISSGA, para configurala como a plataforma básica de difusión e actualización permanente en prevención de riscos laborais de Galicia, con enlaces da páxina da Escola Galega de Prevención e o Observatorio Galego de Condicións de Traballo.

- Observatorio Galego de Condicións de Traballo: Integración do Observatorio Galego de Condicións de Traballo na web do ISSGA, e creación dunha aplicación web para a explotación estatística das “Enquisas de condicións de traballo” e dun sistema de busca de datos nos “Partes de accidentes laborais con baixa”.
- Implantación do Office 2010.
- Renovación das licencias antivirus.
- “Sistema de información de sinistralidade laboral”: Desenvolvemento do sistema base que integra os módulos xa existentes de “Partes de accidentes laborais con baixa” e “Enquisas de condicións de traballo” e desenvolvemento dun sistema de precarga na importación dos “Partes de accidentes laborais con baixa” tramitados polas mutuas, para a detección de erros e inconsistencias.
- Dotar o ISSGA dun sistema integrado e común que facilite a xestión e o acceso á información que se xera nas diferentes áreas de actuación preventiva de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina do traballo e vixilancia da saúde. No ano 2012 proseguíuse co desenvolvemento do módulo de medicina e de contrato menor e gasto menor do módulo de administración.
- Ampliación e mellora de funcionalidades da aplicación “Investigación de accidentes de traballo”.
- Laboratorio de hixiene analítica: posta en produción da base de datos de cromatografía, e desenvolvemento das bases de datos de gravimetría e metais.
- Desenvolvemento da base de datos de Centros de traballo, que ten como finalidade proporcionar dun xeito unificado datos de carácter persoal dos administrados para o conxunto das bases de datos do ISSGA.

- Implantación da fase definitiva da base de datos “Mapa de risco químico”.
- Desenvolvemento das bases de datos “Mapa de risco ergonómico”, Proxecto “Saúde de mariscadoras/es a pé”, e “Enquisa destinada aos usuarios do servizo de revisións médicas para a vixilancia da saúde”.

Sede da dirección e centros do ISSGA

Deuse continuidade ás necesidades de equipamento e adecuación das instalacións do ISSGA.

No centro de Ourense renovouse a dotación de mobiliario, megafonía e estores do salón de actos, e adquiriuse un audiómetro e un tonómetro de aire para o Departamento de Medicina Laboral.

No centro de Lugo reformouse o acceso ao centro e adquiriuse un espirómetro para o Departamento de Medicina Laboral.

No centro de Pontevedra executáronse as obras de impermeabilización da fachada traseira do edificio.

2.4. Mellora da calidade

O Instituto está a elaborar a súa Carta de Servizos cunha dobre finalidade: dar unha información transparente aos seus usuarios sobre os servizos que se prestan e adoptar compromisos para a unha mellora continua. A través deste instrumento de calidade póñense de manifesto cales son as expectativas dos cidadáns en relación aos diferentes servizos que lles presta o ISSGA, favorecendo a adopción daquelas medidas que fagan o seu traballo máis eficaz e eficiente.

No ano 2012 comezouse o proceso de elaboración da Carta coa creación dun grupo de traballo, liderado pola directora do ISSGA e integrado por unha pluralidade de traballadores do Instituto (8), e produciuse a comunicación do inicio do proxecto á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza). A través deste equipo de traballo desenvolveuse a primeira parte do proceso, destinada á identificación, definición e priorización dos servizos que se van incluír na Carta, e

outros datos de carácter xeral e legal, e comezouse coa segunda parte do proceso, destinada á detección das expectativas dos usuarios dos diferentes servizos e á adopción dos compromisos que finalmente se incorporarán á Carta. Para a detección de expectativas preparáronse enquisas dirixidas aos usuarios, naqueles servizos en que foi factible a utilización desta técnica, que se combinou co desenvolvemento dun grupo focal, para a detección de expectativas naqueles outros servizos nos que, pola súa natureza, non era factible a utilización da técnica da enquisa. En total, desde o mes de xuño en que comezaron os traballos, desenvolvéronse 12 reunións de traballo, das que dúas foron do grupo focal e unha coa Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

3. Actividade institucional

3.1. Normativa

A continuación preséntase unha relación da principal normativa tramitada no ano 2012.

- Orde do 24 de febreiro de 2012 pola que se establecen os prezos privados pola realización de determinacións analíticas no laboratorio de hixiene analítica do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) (DOG núm. 51, do 13 de marzo)
- Orde do 19 de outubro de 2012 pola que se modifica a Orde do 14 de outubro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes no ISSGA (DOG núm. 207, do 30 de outubro)

3.2. Accións de promoción: campañas, actos de presentación e participación en congresos e outros foros

Leváronse a cabo distintas accións de promoción, divulgación e sensibilización:

- **Promoción da prevención de riscos laborais a través da Escola de Prevención Galega**

A Escola Galega de Prevención inclúe un itinerario de riscos no fogar, na rúa, na escola e no traballo futuro para achegar a mensaxe da prevención aos nenos e nenas galegas. Co deseño de actividades en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para escolares de educación primaria, constitúe unha actividade itinerante para inculcar e espallar nas primeiras idades a vocación preventiva dun xeito didáctico, ameno e divertido e que os rapaces aprendan a integrar a prevención no día a día e actúen de correo de transmisión desta concienciación cara aos seus maiores. No pasado ano as súas actividades desenvolvéronse no centro do ISSGA en Lugo.

Escola Galega de Prevención	
NÚMERO DE CENTROS EDUCATIVOS	11
NÚMERO DE GRUPOS	25
ALUMNOS	405

- **Programa de Desenvolvemento Rural Sostible**

O Real decreto 752/2010, do 4 de xuño, polo que se aproba o primeiro programa de desenvolvemento rural sustentable en aplicación da Lei 45/2007, do 13 do decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, contempla como unha das actuacións do programa a 1.22.-CA.3 relativa a información e formación profesional ocupacional e continua dos traballadores.

Ao amparo do convenio asinado o 07.05.2012 entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2012-2016, o ISSGA desenvolveu distin-

tas accións formativas e informativas de acordo cos plans de zonas rurais.

Programa de desenvolvemento rural sustentable
8 cursos básicos do ISSGA de prevención de riscos laborais para actividades do agro
32 cursos de prevención de riscos laborais no sector agrario e forestal
Xornada técnica sobre a guía para a prevención de riscos no traballo a bordo dos buques de pesca
Guía de boas prácticas ISSGA. Saúde laboral no marisqueo a pé
Folla de prevención sobre prevención de riscos laborais con maquinaria agrícola
Cartel e tríptico. Prevención dos trastornos musculoesqueléticos no marisqueo a pé
Cartel. Lembra sobre prevención de riscos na pesca
Cartel. No agro prevención de riscos laborais

- Presentación aos medios de comunicación do Plan de actividades 2012 e avance dos datos da sinistralidade laboral en Galicia no 2011

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro

- Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña (APECCO). Presentación de documentación técnica sobre traballos en altura no sector da construción

A Coruña, 10 de febreiro

A directora do ISSGA participou na presentación destes libros editados por APECCO en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar.

- Presentación aos medios de comunicación do Programa de actividades formativas para o 2012

Santiago de Compostela, 17 de febreiro

- Presentación aos medios de comunicación do Programa de prevención de riscos laborais no sector forestal para o 2012

Lugo, 5 de marzo

- Ciclo de charlas Muller e emprego organizadas polo Concello de Ortigueira

Ortigueira, 14 de marzo

Participación institucional. Relatorio da directora do ISSGA sobre a prevención de riscos en profesións feminizadas.

- Acto de presentación da guía de vixilancia da saúde dirixida a percebeiros, mariscadoras e redeiras e editada polo Servizo Mancomunado Mar Seguro de Galicia

Malpica, 24 de marzo

- Acto de presentación das II Xornadas sobre Acoso Laboral

Lugo, 27 de marzo

- Acto de presentación da campaña para elaborar o Mapa de riscos ergonómicos de Galicia

Santiago de Compostela, 2 de abril

- Previsel. 7º Saló da prevención e seguridade laboral

Ourense, 17 e 18 de abril

Caseta e participación técnica. Obradoiro sobre a prevención de riscos laborais no ensino. Adiccións no ámbito laboral. Participación na xornada sobre a prevención en tempos de crise. Novas perspectivas. Novas tecnoloxías.

- Declaración Institucional da Xunta de Galicia con motivo do Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo

28 de abril

- Acto de entrega de diplomas do cursos básico de prevención de riscos laborais para axentes da Policía Autonómica de Galicia

Santiago de Compostela, 15 de maio

- X Congreso Internacional de Prevención de Riesgos Laborales - ORP 2012

Bilbao, do 23 ao 25 de maio

Caseta e participación técnica e institucional. Taller: Exposición a sílice cristalina en empresas que traballan pedra natural e aglomerados de cuarzo. Artigo e póster: Avaliación dos plans de loita contra a sinistralidade 2008-2010 en Galicia. Póster: Análise da saúde dos traballadores da sector da louza na provincia de Lugo

- Xornada sobre prevención de riscos laborais organizada por Finsa

Santiago de Compostela, 31 de maio

Participación institucional. Relatorio da directora do ISSGA sobre o Plan de Actividades do ISSGA no 2012

- Acto de presentación da xornada técnica sobre prevención de riscos laborais A importancia da avaliación de riscos laborais organizada pola Confederación de Empresarios de Galicia

Santiago de Compostela, 28 de xuño

- Acto de presentación do convenio de colaboración coa Universidade de Vigo en materia de prevención de riscos laborais
Vigo, 22 de agosto
- Acto de sinatura do acordo marco de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de prevención de riscos laborais
Santiago de Compostela, 30 de agosto
- Acto de entrega de diplomas dos cursos básicos de prevención de riscos laborais para bombeiros
A Estrada, 14 de setembro
- Acto de presentación da Guía técnica do ISSGA. O documento de protección contra explosións. Manual de axuda
Santiago de Compostela, 18 de setembro
- Acto de presentación da guía técnica de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro do cerco
Malpica, 1 de outubro
- Acto de entrega de diplomas dos cursos básico de prevención de riscos laborais con módulo de maquinaria forestal lixeira
Foz, 5 de outubro
- Acto de presentación da Guía de boas prácticas da saúde laboral no marisqueo a pé do ISSGA
Santiago de Compostela, 10 de outubro
- Programas de Cooperación Internacional. Asistencia técnica: Formación e capacitación de profesionais para a xestión e control dos riscos ambientais do traballo

Brasília, do 1 ao 5 de outubro

- Acto de presentación da xornada de prevención de riscos laborais aplicada á construción organizada pola Asociación Profesional de Técnicos en Seguridade Laboral de Galicia

Vigo, 17 de outubro

- Acto de presentación da Semana da Prevención de Riscos Laborais dentro da campaña: A túa prevención non é un xogo

San Cibrao das Viñas, 22 de outubro

- Acto de presentación da xornada: Medicina do Traballo. Reto e Realidade organizada pola Sociedade Galega de Medicina do Traballo

Vigo, 25 de outubro

- Acto de clausura das VIII Xornadas de Dereito do Traballo e da Seguridade Social organizadas pola Asociación Industrial de Metalúrxicos de Galicia

Vigo, 22 de novembro

- Acto de clausura do curso de prevención de riscos laborais en actividades de tala e poda

Sober, 30 de novembro

- Foro Inade. Participación técnica na xornada sobre os riscos marítimos, en colaboración coa Autoridade Portuaria de Vigo

Vigo, 11 de novembro

3.3. Publicacións

Ao longo deste ano o ISSGA vén de publicar unha serie de documentos que se poden descargar da páxina web do ISSGA en formato dixital.

- **Follas de Prevención**

Publicación periódica, en galego e castelán, en formato papel e dixital coa que se pretende a divulgación de temas relacionados coa prevención de riscos laborais. Editáronse as seguintes:

- Núm. 30 Sistemas de xestión da prevención de riscos laborais (I)
- Núm. 31 Mobilización de pacientes: avaliación do risco. Método MAPO
- Núm. 32 Sistemas de xestión da prevención de riscos laborais (II)
- Núm. 33 Radiacións ópticas artificiais incoherentes
- Núm. 34 Prevención de riscos laborais con maquinaria agrícola

- **Plan de actividades ISSGA 2012**

Comprende as principais liñas de traballo e actuacións técnicas para o ano 2012.

- **Programa de actividades formativas do ISSGA 2012**

Editado en formato papel, tamén esta dispoñible na páxina web.

- **Estudo dos accidentes laborais non traumáticos. Anos 2007-2010**

Estudo dos accidentes non traumáticos, considerados aqueles que acontecen sen axente físico externo que cause lesións ao traballador. Teñen a súa orixe en infartos, derramos

e outros accidentes vasculares, os cales aparecen tipificados nos partes de accidente comunicados, a través do sistema Delt@ (Declaración electrónica de traballadores accidentados).

- **Análise dos accidentes laborais por sobreesforzo. Ano 2010.**

Estudo baseado nos datos obtidos da comunicación de accidentes de traballo e de recaídas destes, tanto para poñer de manifesto o grao de utilidade da información dispoñible desta forma, como de sacar algún tipo de información orientativa sobre aqueles accidentes de traballo con orixe por sobreesforzo que son máis proclives a producir ou a manifestarse co tempo en forma de enfermidade.

- **Avance da sinistralidade laboral en Galicia 2011**

Publicación na que se amosan datos de interese estatístico con carácter previo á publicación do Anuario de sinistralidade laboral.

- **Condições de traballo en Galicia**

Descrición das condicións laborais de traballadores e traballadoras nas empresas no ámbito da prevención dos riscos e coñecer de primeira man os datos de recursos e da organización preventiva con que contan os empresarios para garantir a seguridade e a saúde e poder así estimar a actividade preventiva das empresas.

- **A xestión da prevención de riscos laborais nas empresas galegas**

Descrición dos recursos e organización preventiva con que contan os empresarios para garantir a seguridade e saúde dos traballadores e poder así estimar a actividade preventiva das empresas a partir das accións desenvolvidas para dispoñer de información na que basear criterios de actuación en materia de asesoramento e asistencia técnica ás empresas de Galicia.

- **Estudo da situación das empresas en parques empresariais galegos**

Descrición da xestión da prevención de riscos laborais nas empresas radicadas en polígonos ou parques empresariais co obxectivo de coñecer os seus recursos e organización preventiva e dispoñer de información na que basear criterios de actuación en materia de asesoramento e asistencia técnica.

- **Estudo da estrutura da prevención dos riscos laborais e da capacidade de actuación ante emerxencias dos polígonos industriais galegos**

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia (ISSGA) e a Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE) colaboraron estreitamente na elaboración deste informe de situación dos polígonos empresariais galegos respecto da Seguridade e Saúde Laboral e da súa capacidade de xestionarse e actuar ante unha emerxencia.

- **Informe de actividade 2011**

Durante o primeiro trimestre do ano elaborouse o informe das actividades realizadas durante todo o ano 2011. Este documento tamén está dispoñible na páxina web do ISSGA.

- **Anuario de sinistralidade laboral en Galicia 2011**

Monografía dedicada á estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia correspondente ao ano 2011.

- **Caracterización da exposición a po de sílice e a ruído nos postos de traballo do sector da lousa na provincia de Lugo. Presentado no Congreso Internacional Bilbao ORP 2012. Artigo**

Este traballo estuda as condicións hixiénicas do sector, valorando, por posto de traballo, a exposición a ruído e po de sílice libre cristalina dos 233 traballadores empregados nos 13 centros de traballo da provincia, e analizando as medidas

preventivas adoptadas polas empresas, co obxectivo de establecer recomendacións para a mellora das súas condicións de traballo, tanto no que se refire ás medidas técnicas de redución e de control dos riscos, como á dotación das instalacións e, finalmente a outras medidas de xestión.

- **Análise da saúde dos traballadores da sector da lousa na provincia de Lugo. Congreso Internacional. Presentado no Congreso Internacional Bilbao ORP 2012. Póster**

O obxectivo é reflectir graficamente as patoloxías máis relevantes dos traballadores do sector. A análise baséase no estudo epidemiolóxico realizado no sector da lousa na provincia de Lugo entre outubro do 2010 e febreiro do 2011. Na provincia de Lugo encóntrase o segundo núcleo produtor de lousa de Galicia. Na actividade da extracción e transformación da lousa existen diversos factores de risco para a saúde dos traballadores, entre os que destacan a exposición a po de sílice, o ruído e os asociados á carga física derivada de posturas forzadas, de movementos repetitivos e de manipulación manual de cargas. O estudo fíxose sobre unha mostra de 169 traballadores das seis empresas máis representativas da provincia, que respondían ao criterio de dez ou máis anos de antigüidade en empresas do sector. Estableceuse un protocolo específico para o recoñecemento médico, do que se tomaron os datos para a obtención das conclusións.

- **Avaliación dos plans de loita contra a sinistralidade 2008-2010 en Galicia. Congreso Internacional. Presentado no Congreso Internacional Bilbao ORP 2012. Artigo e Póster**

Actuouse sobre unha serie de empresas que cumprían os requisitos de ter máis de 3 accidentes ao ano e superar no 50% os índices de sinistralidade dos seus sectores de referencia. A avaliación fíxose tendo en conta que é unha das actividades que ocupa unha importante carga de traballo técnico, de cara a comprobar a súa efectividade e rendibilidade. Aborouse nesta avaliación o comportamento destas 835 empresas analizadas, tanto en canto aos índices de sinistralidade, coma ao emprego, comparándoas cos seus sectores de refe-

rencia e co total de Galicia, estudando a súa representatividade en cada momento. As conclusións constatan o positivas que son este tipo de actuacións de cara a reducir a sinestralidade.

- **Guía Técnica do ISSGA. O documento de protección contra explosións. Manual de axuda**

Manual de axuda para elaborar o documento de protección contra explosións, realizado en colaboración con Fremap.

- **Análise dos accidentes laborais da poboación inmigrante 2010**

Estudo que nos permite saber se os traballadores inmigrantes en Galicia sofren proporcionalmente máis accidentes e da análise dos datos de que dispoñemos dos accidentes laborais acontecidos en Galicia, se teñen unha relación significativa cos sectores e ocupacións dos traballadores estranxeiros.

- **Manual de contidos de prevención de riscos laborais para entidades locais**

Esta unidade didáctica destinada a concelleiros, persoal técnico, responsables de prevención ou de obras dos concellos, consta de dous módulos: o primeiro introduce os conceptos xenéricos en materia preventiva, e o segundo incide especialmente nos requisitos preventivos das obras, dende o punto de vista das funcións e responsabilidades do persoal das administracións locais cuxas funcións están relacionadas con estas.

- **Guía de boas prácticas ISSGA. Saúde laboral no marisqueo a pé**

Esta guía, que pretende ser un manual doado onde se indiquen pautas básicas para o traballo diario, é consecuencia dun traballo técnico e especializado, o Estudo epidemiolóxico no marisqueo a pé, realizado no 2011 polo Equipo de Medici-

na do Traballo do ISSGA, para o cal foi necesario realizar recoñecementos médicos individuais específicos sobre os riscos da actividade que fixeron posible chegar a uns resultados e conclusións para todo o colectivo.

É de gran valor o feito de que a información foi proporcionada por quen mellor coñece o sector: as propias mariscadoras. Relataron os seus problemas máis frecuentes, describiron as súas tarefas e a organización do seu traballo, etc., quedando para os profesionais da medicina do traballo a análise dos riscos, a identificación e diagnóstico das patoloxías e a asociación causal entre ambos os dous.

- **Cartel e tríptico. Prevención dos trastornos musculoesqueléticos no marisqueo a pé**

Cartel informativo sobre a importancia das boas posturas no marisqueo a pé e explicación con imaxes dos estiramentos necesarios.

- **Estudo epidemiolóxico en marisqueo a pé**

Análise da situación laboral das/os traballadoras/es do marisqueo a pé dirixido a mellorar as súas condicións de traballo.

- **Lembra_Prevención de riscos laborais na pesca**

Folleto recordatorio con 21 fichas das boas prácticas no sector da pesca dende o embarque ata a chegada a porto.

- **No agro_prevenición de riscos laborais**

Póster con recomendacións para traballar con seguridade co tractor, motoserra e rozadoira.

3.4. Consultas técnicas

O ISSGA ten establecido un protocolo de resposta ás consultas técnicas que os cidadáns poden formular. Este protocolo preten-

de dar resposta ás consultas que entran no ISSGA, cun criterio común e un límite de tempo establecido para garantir un estándar de calidade neste servizo.

As consultas técnicas poden chegar ao ISSGA de diversos xeitos, entre os que destacamos:

- Páxina web do ISSGA: na páxina existe unha sección chamada *Contacta connosco* no que o usuario só ten que cubrir un formulario para enviar a súa consulta
- Teléfono: os usuarios poden chamar directamente aos centros territoriais ou á Dirección do ISSGA
- Outros medios: correo postal, escritos ou instancias que entren por rexistro, fax, etc.

O número de consultas atendidas é o seguinte:

Consultas escritas	509
--------------------	-----

Ademais destas consultas técnicas o ISSGA tamén dá resposta a outro tipo de cuestións relacionadas cos cursos programados e coa dispoñibilidade de material didáctico ou solicitudes de publicacións e outro material impreso.

3.5. Formación interna

Ao longo deste ano 2012 realízanse accións formativas de actualización e mellora para os técnicos do ISSGA.

- **Formación de titores e xestores na contorna moodle**

Proporcionar os coñecementos necesarios que permitan realizar as funcións de titorización e xestión de actividades formativas en liña a través da contorna moodle para así poder ampliar a oferta formativa en liña do ISSGA.

Asistentes: 14

- **Curso teórico-práctico de traballos en espazos confinados**

Os obxectivos do curso foron coñecer e usar adecuadamente os equipos de medición, utilizar os dispositivos anticaídas en torres e estruturas, saber usar os equipos de rescate en espazos e de respiración autónoma en espazos confinados.

Asistentes: 12

- **Capacitación en habilidades de elaboración de informes periciais e de ratificación ante os tribunais no ámbito social e laboral**

Proporcionar os coñecementos e habilidades que permitan comprender o funcionamento do sistema da Administración de xustiza e especialmente nos ámbitos social e laboral, que permitan realizar unha axeitada avaliación pericial, elaborar informes periciais e a súa ratificación ante os tribunais. Por outra parte, para a consecución dunha ratificación axeitada dos informes, requírese a posesión de habilidades axeitadas de comunicación.

Asistentes: 43

- **Seguridade no ámbito das carretillas elevadoras_2 edicións**

Formación teórica e práctica tanto de condución como de execución de tarefas relacionadas coa seguridade no ámbito das carretillas elevadoras.

Asistentes: 17

- **Redución e control de ruído. Casos prácticos na industria**

O obxecto do curso é a actualización de coñecementos e habilidades relacionadas coa avaliación e control do ruído ambiental na industria. Céntrase no estudo das fontes de ruído da industria, a súa tipoloxía e características e completase coa exposición das medidas técnicas empregadas hoxe para a análise, control e deseño de solucións no control do ruído.

Asistentes: 45

- **E-learning: scorms e creación de contidos con eXe**

Formación teórica e práctica sobre a creación de SCORM.
Manexo de eXe como software de creación de contidos.

Asistentes: 18

3.6. Participación en grupos de traballo e xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades

3.6.1. Grupos de traballo de ámbito autonómico

- **Do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral**

No seo do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, acórdase a constitución de dous grupos técnicos de traballo (amianto e silicose) co fin de contribuír á mellora das condicións de traballo e á prevención dos riscos específicos relacionados con cada un dos grupos de traballo, establecendo medidas de asistencia e apoio ás empresas.

- **Grupo de traballo de amianto**

A finalidade deste grupo de traballo é facer un seguimento do grao de cumprimento da normativa sobre amianto na nosa comunidade, e propoñer e impulsar a posta en marcha de actuacións conxuntas para un mellor cumprimento da normativa, ou mesmo impulsar iniciativas xa postas en marcha por organismos ou organizacións empresariais ou sindicais concretas. As actuacións, dirixidas a diferentes colectivos e sectores se é o caso, poderán ser de tipo informativo, de asesoramento, ou de estudo/investigación para a mellora das medidas técnicas de prevención e protección nos traballos con amianto.

- **Grupo de traballo de silicose**

Este grupo ten a finalidade do seguimento do grao de cumprimento da normativa aplicable en materia de prevención de riscos laborais nos traballos con maior exposición a po de sílice na nosa comunidade autónoma. Propoñer e impulsar a posta en marcha de actuacións conxuntas para un mellor cumprimento da normativa e dos métodos de avaliación da exposición, sen deixar de lado outros riscos hixiénicos aos que está exposto este sector. Impulsar iniciativas xa postas en marcha por organismos ou organizacións empresariais ou sindicais concretas dirixidas a estes mesmos fins.

- **Do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral**

- **Grupo de traballo para establecer as actuacións en materia de prevención de riscos laborais no ámbito educativo**

Finalidade: estudar as actuacións máis idóneas e necesarias para acadar o obxectivo final de integrar a prevención de riscos laborais no ámbito educativo e elevar as propostas de accións ás consellerías con competencia en materia de traballo e educativa.

- **Comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais**

Por resolución do 20 de setembro de 2010 da dirección do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral créase a Comisión Permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais, con base no disposto no Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do ISSGA.

A súa finalidade é propoñer as directrices de avaliación do risco para a saúde da traballadora embarazada, que dera a luz recentemente ou en período de lactación; asesorar as actuacións especiais en materia de prevención de riscos sobre sectores laborais feminizados realice a Administración pública autonómica e atender as peticións de asesoramento que reciba, para o que se facilitarán os criterios e as alternativas para unha correcta aplicación da prevención de riscos laborais.

- **Outros**

- **Grupo de traballo VLA-ED por inhalación de po e sílice**

Finalidade: obter información sobre as tecnoloxías e procesos de traballo que minimicen as concentracións de po nos lugares de traballo expostos ao po de sílice cristalina. Neste grupo participou tamén a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, o Instituto Nacional de Silicose, a Mutua Fremap e representantes dos sectores da lousa, áridos e granitos.

- **Grupo de traballo sobre novo decreto de residuos sanitarios**

Finalidade: elaboración dun novo decreto de xestión de residuos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Grupo de traballo da Fundación Galega do Metal**

Finalidade: fomento da prevención de riscos laborais e das condicións de seguridade e saúde dentro das empresas do sector metalúrxico. Estudo da rendibilidade da prevención de riscos laborais. Análise da xestión actual da vixilancia da saúde, e formular propostas de mellora no cumprimento da normativa aplicada ao metal e tamén na xestión máis eficiente desta.

3.6.2. Grupos de traballo de ámbito estatal

- **Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo**

A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST) é o órgano colexiado asesor das administracións públicas na formulación das políticas de prevención e o órgano de participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo (artigo 13 da Lei de prevención de riscos laborais).

Para o desempeño dos seus labores, a CNSST funciona en pleno, en comisión permanente e en grupos de traballo, conforme a normativa que establece o seu regulamento de funcionamento interno.

É de destacar a intensa actividade dos grupos de traballo, grazas á cal se presentaron ao pleno propostas e documentos de traballo que abordan a situación de prevención de riscos laborais en diferentes sectores de actividade e, propoñen á súa vez, medidas tendentes á mellora das condicións de seguridade e saúde dos traballadores.

Estes son os grupos de traballo nos que traballa algún membro do ISSGA representando á nosa comunidade autónoma:

- **Grupo de traballo da Estratexia española de seguridade e saúde no traballo 2007-2012**

Finalidade: seguimento das accións incluídas na Estratexia española de seguridade e saúde no traballo (2007-2012) e avaliación do cumprimento dos seus obxectivos.

- **Grupo de traballo da educación e formación en prevención de riscos laborais**

Finalidade: formular propostas encamiñadas a potenciar a formación en materia de prevención de riscos laborais que permitan desenvolver o establecido no obxectivo 6 da Estratexia española de seguridade e saúde no traballo (2007-2012): a elaboración e implantación do Plan nacional de formación.

- **Grupo de traballo do amianto**

Finalidade: estudo da evolución da situación española sobre riscos e patoloxía por amianto, así como ao seguimento sobre o cumprimento e a eficacia do preceptuado pola normativa sobre amianto, para o que se propón a adopción de medidas sobre a prevención fronte aos devanditos riscos ou, no seu caso, a modificación e actualización da citada normativa.

- **Grupo de traballo dos traballadores autónomos**

Finalidade: estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo deste colectivo e proposta de liñas de investigación coa promoción e o apoio da prevención, a realización de campañas de información, a formación preventiva e a cualificación suficiente deste colectivo e o acceso á vixilancia específica da saúde.

- **Grupo de traballo da construción**

Finalidade: a análise e seguimento da aplicación da normativa de prevención de riscos laborais ao sector da construción.

- **Grupo de traballo do sector agrario**

Finalidade: estudo e seguimento da aplicación da normativa preventiva no sector agrario.

Hai tres subgrupos que funcionan asociados a este grupo nos que tamén participa o ISSGA:

- Subgrupo Vixilancia da saúde no sector agrario
- Subgrupo Sinistralidade no sector agrario
- Subgrupo Riscos laborais e xénero no sector agrario

- **Grupo traballo do Plan Prevea**

Finalidade: implantación e desenvolvemento do denominado Plan Prevea (programa voluntario de redución de accidentes). Os traballos deste grupo orientáronse aos seguintes obxectivos:

- Deseño da estratexia de implantación do programa experimental nas comunidades autónomas, en caso de acordo nese sentido polos órganos de coordinación da Inspección de Traballo e Seguridade Social - comunidades autónomas, logo de consultar á Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- Seguimento dos resultados obtidos polo programa ao longo do período de aplicación da Estratexia 2007-2012.

- **Grupo traballo dos valores límite**

Finalidade: implantar e actualizar anualmente un sistema nacional de valores límite indicativos, referidos á exposición a axentes químicos no ambiente de traballo, co fin de prever os posibles riscos que puidesen entrañar para os traballadores.

Cada ano o grupo eleva ao pleno para a súa aprobación o documento *Límites de exposición profesional para axentes químicos en España*.

- **Grupo de traballo dos trastornos musculoesqueléticos**

Finalidade: elaboración dun plan de acción para reducir os trastornos musculoesqueléticos. Os traballos deste grupo oriéntanse aos seguintes obxectivos:

- Análise dos estudos realizados e das fontes de información das que dispoñen as administracións públicas, sobre accidentes de traballo notificados por sobreesforzos.
- Análise das ferramentas, métodos, estudos técnicos e material de difusión sobre trastornos musculoesqueléticos que se elaboraron polos distintos axentes e administracións dedicadas á prevención, co obxecto de coñecer o estado de situación e propoñer accións de mellora.
- Fomentar a coordinación e cooperación entre as administracións públicas e entidades privadas.

- **Grupo de traballo dos riscos psicosociais**

Finalidade: análise e seguimento das políticas públicas desenvolvidas en relación cos riscos psicosociais, plan de actuación destinado a sensibilización destes riscos e proposta das medidas oportunas.

- **Grupo de traballo da seguridade vial laboral**

Finalidade: estudo dos accidentes de tráfico laborais. Os traballos deste grupo oriéntanse aos seguintes obxectivos:

- Analizar os datos estatísticos dos accidentes de tráfico laborais.
- Analizar a problemática derivada dos accidentes de tráfico laborais en xornada de traballo e propoñer medidas que se deban adoptar.

- **Comité técnico Mixto do Ministerio de Emprego e Seguridade Social-CCAA propostos polo INSHT ás comunidades autónomas**
- **Grupo de traballo: Base de situacións de traballo- caracterización de situacións de exposición a axentes químicos**

Finalidade: crear unha base de datos de situacións de traballo que impliquen exposición potencial a axentes químicos e que sirva de consulta e referencia en situacións reais similares ás que describa a base.

- **Grupo de unificación de criterios estatísticos de sinistralidade laboral**

Finalidade: detección e solución dos problemas detectados na tramitación dos partes de accidente de traballo, discutir posibles melloras no sistema. Consegir unha metodoloxía común para a elaboración das estatísticas de sinistralidade laboral.

- **Rede de institutos públicos para a investigación de prevención de riscos laborais**

Finalidade: búscase potenciar a capacidade técnica dos institutos de prevención de riscos, mediante a coordinación de actividades que poida considerarse de investigación, para evitar redundancias e mellorar o aforro en custos mediante traballos de colaboración, así como busca de financiamento dos traballos de investigación que se propoñan e se consideren de interese para a rede.

- **Grupo base de situacións perigosas en máquinas (BSTPMAQ)**

Finalidade: recoller situacións perigosas de traballo con máquinas, seleccionalas, analízalas realizando unha avaliación de riscos que permita unificar os criterios aplicables en cada caso e definir as medidas preventivas correspondentes, de maneira que sexan un modelo que se ha seguir para os que estean expostos a situacións semellantes. Especialmente dirixido a pequenas e medianas empresas, microempresas e traballadores autónomos.

- **Grupo de traballo: Análise cualitativa da mortalidade por accidente de traballo**

Finalidade: coñecer as causas dos accidentes de traballo e as características asociadas relevantes para a súa prevención. Na actualidade recollen información sobre os accidentes graves ocorridos e mortais, de acordo cos cambios metodolóxicos introducidos a partir do 01/01/08.

- **Grupo de traballo da Rede de Institutos e Centros de Investigación en Seguridade e Saúde no Traballo (RICISST)**

Finalidade: potenciar a capacidade técnica dos recursos públicos dispoñibles no Estado mediante a súa coordinación e relacionarse de xeito estable con outros organismos de investigación, universidades e empresas.

- **Grupo de traballo: Amianto**

Finalidade: aplicación do Real decreto 396/2006 nas diferentes comunidades autónomas. Unificación de criterios.

- **Grupo de traballo: Trastornos musculoesqueléticos**

Finalidade: elaboración dun plan de acción para reducir os trastornos musculoesqueléticos.

- **Aenor (Asociación Española de Normalización)**
- **Subcomité AEN/CTN81/sc3 Seguridade das máquinas de Aenor**
- **Comité técnico AEN/CTN81 Prevención e medios de protección persoal e colectiva no traballo de Aenor**
- **Grupo de traballo AEN/CTN 171/SC 3/GT 7 Amianto de Aenor**

3.6.3. Grupos de traballo con outras comunidades autónomas

- **Grupo sector pesqueiro dos institutos de seguridade e saúde laboral da costa cantábrica**

Finalidade: elaborar e divulgar documentación para a vixilancia da saúde no sector pesqueiro.

3.6.4. Xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades

O ISSGA colaborou na organización de actividades formativas coas entidades que se relacionan.

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Centro ISSGA. Pontevedra

- Visita do Ciclo Medio de Laboratorio do CIFP Manuel Antonio
- Charla sobre principios básicos sobre primeiros auxilios

Centro ISSGA. Lugo

- Visita didáctica do IES As Mercedes
- Visita didáctica do IES Val do Asma
- Visita didáctica do IES Lucus Augusti

Centro ISSGA. Ourense

- Visita didáctica do CFP Colexio San Marcos

ISSGA. Santiago de Compostela

- Charla no IES Lamas de Abade

Consellería do Medio Rural e do Mar

Centro ISSGA. Ourense

- Curso Aplicador Praguicidas. Nivel Superior

Universidade de Santiago de Compostela

ISSGA. Santiago de Compostela

- II Xornadas sobre acoso laboral

Universidade de Vigo

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica sobre traballos en altura

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornadas técnicas sobre traballos en altura

Concello de Poio

Centro ISSGA. Pontevedra

- Taller sobre a prevención de riscos laborais para traballadoras do sector do marisqueo a pé

Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada sobre responsabilidades do enxeñeiro

Ministerio de Emprego e Seguridade Social

Centro ISSGA. Pontevedra

- Colaboración internacional. Brasil. Asistencia técnica

Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo

ISSGA. Santiago de Compostela

- Presentación da Guía da vixilancia da saúde no sector pesqueiro

Instituto Andaluz de Seguridade e Hixiene no Traballo

Centro ISSGA. Pontevedra

- Presentación da Guía da vixilancia da saúde no sector pesqueiro

Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais

Centro ISSGA. Pontevedra

- Presentación da Guía da vixilancia da saúde no sector pesqueiro

Confederación Intersindical Galega - CIG

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada sobre ergonomía e biomecánica no eido laboral
- Curso contaminantes físico-químicos

Unión General de Trabajadores - UGT

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica sobre prevención dos trastornos musculoesqueléticos"

ISSGA. Santiago de Compostela

- Xornada técnica sobre prevención dos trastornos musculoesqueléticos"

Unión Sindical Obreira

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica sobre a xestión da prevención de riscos con persoas especialmente sensibles, discapacitados e mulleres embarazadas

Confederación de Empresarios de Galicia

ISSGA. Santiago de Compostela

- Xornada informativa sobre a importancia da avaliación de riscos
- Xornada informativa sobre as modalidades de organización preventiva

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada informativa sobre coordinación de actividades

Confederación de Empresarios da Coruña - Inaudita

Centro ISSGA. A Coruña

- Taller de deseño e instalación de liñas de vida

Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia - Asime

ISSGA. Santiago de Compostela

- VIII Xornadas de Dereito do Traballo e da Seguridade Social

Asociación Empresarios de Polígono de San Cibrao das Viñas

ISSGA. Santiago de Compostela e Ourense

- Semana da Prevención de Riscos Laborais dentro da campaña: A túa prevención non é un xogo. Acción formativas e simulacros

Asociación de Armadores do Porto de Celeiro

Centro ISSGA. Pontevedra

- XVII Xornadas técnicas de difusión no sector pesqueiro

Asociación Provincial de Empresarios da Construción de Ourense

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada sobre prevención de riscos laborais na construción

Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais

Centro ISSGA. Pontevedra

- XIX Xornadas da Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais

Fremap

Centro ISSGA. A Coruña

- Xornada técnica sobre o Código Técnico da Edificación. Implicacións das condicións de seguridade na utilización dos lugares de traballo.
- Xornada técnica sobre regulamento ATEX. Clasificación de zonas. Exemplos prácticos
- Xornada técnica sobre enfermidades profesionais. Marco normativo e prevención
- Xornada técnica sobre transporte de mercadorías perigosas

Centro ISSGA. Lugo

- Xornada técnica sobre seguridade de máquinas. Posta en servizo
- Xornadas técnicas de traballos en altura. Equipos de elevación de traballadores

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica sobre seguridade eléctrica en operacións de mantemento

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica sobre o novo marco normativo de prevención. Evolución e situación actual"
- Xornada técnica sobre estres e síndrome de burnout como risco profesional. Aproximación e análise de fontes primarias
- Xornada técnica sobre trastornos musculoesqueléticos no ámbito laboral
- Xornada técnica sobre o manual de seguridade dos útiles de elevación de cargas

Fundación para a pesca e o marisqueo - Fundamar

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica sobre a cultura preventiva como factor clave de competitividade no sector da pesca galega

Fundación Inade, Instituto Atlántico do Seguro

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica sobre os riscos marítimos

Aprosal, Sofer Consultores, Bureau Veritas

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica sobre OHSAS 18001: Até un modelo eficiente na xestión da seguridade e saúde no traballo

Centro ISSGA. A Coruña

- Xornada técnica sobre a prevención de riscos laborais en tempos de crise

Gas Natural Fenosa

Centro ISSGA. Pontevedra

- Curso sobre os requisitos de seguridade en instalacións eléctricas con corte de tensión
- Curso sobre prevención de riscos laborais
- Curso sobre operación local en subestacións
- Curso sobre sensibilización OHSAS
- Curso sobre operacións de rede de empresas contratistas de nova incorporación a mantemento MT/BT/UFD
- Curso sobre condicións de seguridade para o acceso e permanencia en instalacións de alta tensión

Centro ISSGA. A Coruña

- Curso de empresas contratistas de nova incorporación a mantemento MT/BT UFD

Centro ISSGA. Lugo

- Curso de operación local en media e baixa tensión

Centro ISSGA. Ourense

- Curso de operacións de rede
- Curso sobre inspeccións documentadas de seguridade en traballos

Gas Natural Fenosa/ Fremap/ Segade

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada sobre risco eléctrico

Gas Natural Fenosa/ Hermanos Fraguas/ Ingafor

Centro ISSGA. Ourense

- Curso sobre risco eléctrico

Cota Límite

Centro ISSGA. A Coruña

- Curso de protección preventiva contra o raio e prevención de riscos laborais

Previsel

Centro ISSGA. Ourense

- Obradoiros sobre a prevención de riscos laborais no ensino. Adicións no ámbito laboral
- Mesa sobre a prevención de riscos laborais en tempos de crise. Novos enfoques, novas tecnoloxías

Sico

ISSGA. Santiago de Compostela

- Xornada técnica sobre amianto no Salón da Construción de Galicia

4. Relacións con outros organismos

4.1. Convenios

- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación en materia de prevención de riscos laborais Data da sinatura: 24.01.2012
- Acordo marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral para o desenvolvemento de actividades de formación, investigación e divulgación en materia de prevención de riscos laborais. Data da sinatura: 03.07.2012
- Acordo marco de colaboración entre o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento de actividades de formación e información en materia de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo. Data da sinatura: 29.08.2012

Así mesmo, o 3 de outubro de 2012 asinouse un acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Traballo e Benestar para o intercambio de información sobre os riscos de exposición laboral ao amianto, no que o ISSGA é o actor principal por parte da Consellería de Traballo e Benestar.

4.2. Coordinación con outros organismos da Administración

Xunta de Galicia

- Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar
 - Comisión de Goberno do ISSGA
 - Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias

- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
 - Rede de Comunicación dos Accidentes Laborais (112)
 - Grupos de acción dos Plans de emerxencia exterior de Galicia

- Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade
 - Comisión de Goberno do ISSGA
 - Desenvolvemento dunha unidade docente de Medicina do Traballo
 - Reunións técnicas para a colaboración en investigación de enfermidades profesionais e vixilancia da saúde, incluída a postocupacional, dos traballadores expostos a risco por amianto
 - Plataforma de saúde laboral para a comunicación de sospeitas de enfermidade profesional

- Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria
 - Comisión de Goberno do ISSGA

- Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Medio Rural e do Mar
 - Grupo de traballo para a elaboración de material audiovisual sobre o sector pesqueiro
- Escola Galega de Administración Pública da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
 - Colaboración na realización de cursos de formación

Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS)

- Plan de actuación en obras singulares e grandes obras
- Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias
- Plan Vixía
- Programa Segumar

Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT)

- Presenza no Comité Técnico Mixto INSHT-CCAA
- Presenza na Rede de Institutos de Seguridade e Saúde Laboral
- Asistencia e participación en xornadas
- Colaboración na elaboración de normativa e guías técnicas

Outros institutos de seguridade e saúde laboral

- Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laborais (Osalan), Instituto Cántabro de Seguridade e Saúde no Traballo (Icasst) e Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL)

- Xornadas de colaboración en prevención de riscos laborais no sector pesqueiro
- Estudo para a elaboración de guías técnicas de vixilancia da saúde e ergonomía na pesca
- Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL)
 - Mapa de risco químico

Outros organismos

- Ministerio de Emprego e Seguridade Social
 - Colaboración no Programa de cooperación técnica internacional
 - Equipos de valoración de incapacidade (EVI)
 - Determinación de coeficientes redutores
- Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo
 - Rede Europea e Rede Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo
- Fundación para a prevención de riscos laborais
 - Colaboración no ámbito da formación

5. Actuación técnica


5.1. Tarefas de investigación e asistencia técnica (Artigo 3, parágrafo 2b da Lei 14/2007)

Lévanse a cabo as seguintes actuacións:

5.1.1. Investigación de accidentes leves, graves e mortais (Lei 14/2007 funcións ISSGA artigo 4a, 4f)

A investigación dos accidentes de traballo permite coñecer as causas que os provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante a formulación de plans e programas de redución baseados na análise dos datos derivados das investigacións. Ademais, considerados individualmente, os informes técnicos da investigación servirán de apoio ás autoridades laboral, sanitaria ou xudicial, no exercicio das súas competencias, para a esixencia das responsabilidades dos incumprimentos que se poidan constatar, e a súa conseguinte depuración.

Investigacións de accidentes	Mortais	Graves	Leves	Totais
Pesca	3	38	19	60
Construción	2	106	21	129
Industria	4	132	47	183
Servizos	10	63	28	101
Agricultura	2	35	6	43
Totais	21	374	121	516



5.1.2. Investigación de accidentes consonte o Convenio coa Fiscalía (Plan estratéxico, obxectivo 8 acción 3)

Consonte o protocolo de coordinación asinado entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Ministerio Fiscal para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias, trátase neste caso de investigar, a requirimento e con presteza, os accidentes que puideran dar lugar á existencia de responsabilidades penais.

Investigación de accidentes consonte o convenio coa Fiscalía	Mortais	Graves	Leves	Totais
Pesca	3	-	-	3
Construción	6	7	5	18
Industria	10	17	9	36
Servizos	4	1	2	7
Agroforestal	3	1	1	5
Totais	26	26	17	69

5.1.3. Investigación de enfermidades profesionais

O cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social publicouse no Real decreto 1299/2006 do 10 de novembro (BOE do 19.11.2006). Como base para a súa prevención realízanse informes das enfermidades profesionais mortais e graves, e as leves con algunha significación singular, e remítense os informes correspondentes á ITSS.


A investigación das enfermidades profesionais e as súas repercusións, permite coñecer as causas que as provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante a formulación de plans e programas de redución baseados na análise dos datos derivados das investigacións. Considerados individualmente, os informes técnicos da investigación servirán de apoio ás autoridades laboral, sanitaria ou xudicial, no exercicio das súas competencias, para a esixencia das responsabilidades dos incumprimentos que se poidan constatar, e a súa conseguinte depuración.

Investigacións Enfermidades Profesionais	Grupo de Enfermidade Profesional						Totais
	1	2	3	4	5	6	
Pesca	1	-	-	-	1	-	2
Construción	4	11	-	5	6	1	27
Industria	4	53	2	74	16	1	150
Servizos	11	93	15	17	21	-	157
Agricultura	-	6	-	-	1	-	7
Totais	20	163	17	96	45	2	343
Nº Visitas	21	111	18	65	44	2	261
Informes	33	146	19	74	28	3	303

Nota aclaratoria:

- Grupo 1: enfermidades profesionais causadas por axentes químicos
- Grupo 2: enfermidades profesionais causadas por axentes físicos
- Grupo 3: enfermidades profesionais causadas por axentes biolóxicos

- Grupo 4: enfermidades profesionais causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidas noutros puntos
- Grupo 5: enfermidades profesionais da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgúns dos outros puntos
- Grupo 6: enfermidades profesionais causadas por axentes carcinoxénicos



5.1.4. Actuacións dos técnicos habilitados

Disponse de doce prazas de técnicos habilitados pola autoridade laboral para levar a cabo actuacións comprobatorias das condicións materiais ou técnicas de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo radicados en Galicia segundo o regulado no Decreto 138/2007, e consonte á convocatoria aberta coa Orde do 11 de outubro de 2007 da Consellería de Traballo.


Actuacións dos técnicos habilitados	Núm. actuacións
Construción	376
Industria	289
Servizos	151
Pesca	115
Totais	931

5.1.5. Asistencias técnicas a requirimento de organismos, empresas e traballadores (inclúense as asistencias prestadas aos tribunais de xustiza en función do artigo 4f da Lei 14/2007)

O ISSGA, como organismo técnico de referencia, e consonte aos fins que lle asigna a Lei 14/2007, presta asesoramento e asistencia técnica ás empresas, con especial atención ás pequenas e medianas empresas, ás traballadoras e traballadores, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais, para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e realiza a análise das condicións de traballo cando así o solicita calquera das partes implicadas na prevención de riscos laborais, ou mesmo a autoridade xudicial.

Asistencia técnica a requirimento	Seguridade	Hixiene	Medicina	Ergon. e psico-soc.	Xeral	Totais
De empresas ou asociacións empresariais	6	56	2	6	1	71
De traballadores ou sindicatos	4	4	10	2	8	28
De administracións	256	32	36		79	403
Da ITSS	57	41	25	10	6	139
Outras	58	20	9		14	101
Accións conxuntas coa ITSS	206	5		2		213
Actuacións nos xulgados	95	2	2			99
Totais	682	160	84	20	108	1.054

ASISTENCIA TÉCNICA A REQUIRIMENTO



5.2. Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral

As decisións da autoridade laboral deben ter en conta aspectos técnicos. Neste eido, o ISSGA préstalle o seu apoio ou ben ten asumida, a xestión dos seguintes procedementos administrativos:

- **Amianto**

En cumprimento da encomenda do desenvolvemento material de diferentes actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos en aplicación do Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables ao traballos con risco de exposición ao amianto (Orde do 2 de decembro de 2008, DOG núm. 240 do 11.12.2008) enmárcanse as actividades de xestión do Rexistro de Empresas con Risco pos Amianto (RERA), a recepción e tramitación dos plans de traballo ata a súa aprobación, os requirimentos e comunicacións de diferente índole que hai que realizar aos interesados, as notificacións das resolucións ditadas pola autoridade laboral, e a recepción e arquivo das fichas de avaliación da exposición dos traballadores.

Amianto	
Plans aprobados	289
Plans denegados	7
Traballos notificados (Plans aprobados en Galicia)	1326
Altas empresas RERA	70
Baixas empresas RERA	1

- Informes técnicos

Elabóranse os seguintes informes técnicos para a autoridade laboral:

Informes técnicos emitidos	
Informes sobre entidades formativas	11
Informes sobre servizos de prevención	1
Informes coeficientes reductores	14

5.3. Asesoramento (artigo 3 parágrafo 2c Lei 14/2007)

Desenvolvéronse as seguintes accións de asesoramento sobre aspectos técnicos e organizativos:

5.3.1. En colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social

- Seguimento de grandes obras de construción

Co seguinte esquema territorial:

Provincia	Obra
A Coruña	Novas instalacións portuarias en Punta Langosteira Terceira ronda. A Coruña. Tramos: As Lonzas - A Zapateira, tramo 3, enlace coa autoestrada AC-14 nas Lonzas Monte Gaiás. Cidade da Cultura AVE Autoestrada de Carballo a Berdoias
Lugo	Autoestrada do Cantábrico A-8. Tramos: Mondoñedo - Lindín, Lindín - Careira Autoestrada A-54 Lugo-Santiago. Tramos: Monte de Meda - Vilamoure, Guntín Norte - Monte de Meda, Palas de Rei - Guntín Corredor Sarria-Monforte: tramo II, tramo III Corredor de alta capacidade da Costa Norte. Tramos: Celeiro - San Cibrao AVE: tramo Láncara Rehabilitación poboado Os Peares
Ourense	AVE. Tramos: Lubián - Ourense (Porto - Miamán, Miamán - Ponte Ambía, Ponte Ambía - Taboadela), Prado-Porto Central hidroeléctrica Santo Estevo II Autoestrada Ourense-Celanova
Pontevedra	Eixo Atlántico: Estación de Vigo - Fase 1, Vigo - Das Maceiras, Das Maceiras-Redondela, Pontevedra-Cerponzons, Cerponzons-Portela, Villagarcía-Catoira, Viaduto do Ulla Variante de Marín 2ª fase Ampliación terminal aeroporto de Vigo Novo hospital de Vigo

O número de accións do persoal técnico do ISSGA indícase no seguinte cadro:

Plan de actuacións en grandes obras	Técnicos do ISSGA coa ITSS	Técnicos do ISSGA	Totais
Visitas	88	1	89
Actuacións	230	11	241
Requirimentos	17	-	17
Xuntanzas	45	2	47
Investigación de accidentes	2	1	3
Núm. de empresas	503	12	515

- Plan sectorial de pesca

O sector da pesca é un dos que se consideran tradicionalmente como de alto risco, debido as súas peculiaridades, entre as que cabe subliñar a inseguridade propia derivada de traballar nun barco, que é unha superficie móbil e relativamente inestable, a exposición a condicións climáticas adversas, a inexistencia de xornadas fixas de traballo e descanso, e as condicións de habitabilidade e hixiene dos barcos, que son a un tempo centros de traballo e vivenda.

A prevención dos riscos deste sector presenta por tanto unha grande dificultade, co engadido de que os accidentes que atinxen ao barco (envorcadura, afundimento) afectan a toda a tripulación, e non se poden adoptar medidas inmediatas especialmente cando se atopan en alta mar.

No 2012 desenvolvéronse 192 das actuacións de asesoramento neste sector correspondentes ao Plan Vixía e ao Programa Segumar.



5.3.2. Accións propias do ISSGA: plans sectoriais (incluído P.E. Obx. 6 Acc. 2)

Trátase de actividades planificadas, fundamentalmente de carácter sectorial e fronte a riscos determinados, que inciden en determinados aspectos concretos da prevención de riscos laborais, contribúen tanto á redución da sinistralidade e das enfermidades profesionais, como a desenvolver unha cultura preventiva nos sectores produtivos onde é máis necesaria.

Enmarcáronse dentro dos plans ou programas e coas actuacións que se reflicten no seguinte cadro:

Programa	Total actuacións
Programa sectorial construción	388
Programa sectorial pesca	192
Programa sectorial agrícola-gandeiro	141
Prevención autónomos	451
Programa de loita contra a sinistralidade	363
Programa seguridade viaria	66
Prevención de riscos por sílice	155
Prevención de riscos derivados de ATEX	9
Programa loita sobreesforzos	195
Programa mulleres embarazadas, parto recente, lactación	302

- **Outras actuacións técnicas**

Encadradas no Plan de actividades do instituto para o 2012, tamén se desenvolveron as actividades que se indican a continuación:

Outras actuacións técnicas	Total actuacións
Preguntas parlamentarias	3
Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI), expedientes	103
Consultas escritas	526
Consultas verbais	2.895
Reunións de traballo	725
Reunións de grupos de traballo	72
Plans e estudos de seguridade na construción	8.260
Tratamento estatístico de partes de AT e EP	52.166
Elaboración de estudos sectoriais	15

AT: accidente de traballo/ EP: enfermidade profesional

Nos equipos de valoración de incapacidades (EVI) do Instituto Nacional da Seguridade Social un técnico do ISSGA actúa como experto en seguridade e saúde laboral.

5.4. Accións formativas

Dirixidas a traballadores, empresarios, técnicos, etc.

(incluídas no plan estratéxico, obxectivo 8, acción 1)

	Núm. accións	Núm. alumnos
Cursos básicos de prevención de riscos laborais - 35 horas	12	457
Cursos básicos de prevención de riscos laborais para actividades do agro	8	248
Cursos de prevención de riscos laborais no sector agrario e forestal	32	477
Cursos básicos de prevención de riscos laborais. Sector construción -60 horas	1	17
Curso de albanelería. Sector construción - 20 horas	1	43
Cursos básicos de prevención de riscos laborais en liña-60 horas	4	450
Cursos básicos de prevención de riscos laborais - 50 horas	3	106
Cursos de formación interna	6	149
Xornadas propias do ISSGA	30	2.616
Xornadas en colaboración con outras entidades	73	4.350

Un dos cursos básicos de prevención de riscos laborais en liña de 60 horas fíxose en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e dedicóuselle un módulo aos riscos específicos das actividades de tempo libre.

Por outra parte, e respecto dos cursos básicos de prevención de riscos laborais de 50 horas, tres fixéronse en colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública. Un deles un realizouse en modalidade semipresencial e estivo dirixido aos axentes da policía autonómica de Galicia e os outros dous fixéronse en liña e estiveron dirixidos aos profesionais dos servizos de extinción de incendios e salvamento.

Ademais, dentro destas accións formativas 40 cursos enmarcáronse no Programa de desenvolvemento rural sostible, aprobado polo Real decreto 752/2010, de 4 de xuño:

Realizáronse, por unha banda, 8 Cursos básicos de prevención de riscos laborais para actividades do agro de 35 horas en modalidade presencial:

- Curso básico de prevención de riscos laborais, módulo para a actividade vitivinícola (en Sober e Ribadumia)
- Curso básico de prevención de riscos laborais, módulo de maquinaria agrícola, tractores e os seus apeiros (en Fisterra e Lourenzá)
- Curso básico de prevención de riscos laborais, módulo de maquinaria forestal lixeira, motoserras e rozadoiras (en Foz e Meira)
- Curso básico de prevención de riscos laborais, módulo para a actividade en invernadoiros (en Tui e Melide)

Por outra banda, tamén se realizaron 32 cursos de prevención de riscos laborais no sector agrario e forestal, todos eles en modalidade presencial:

- Curso de prevención de riscos laborais no manexo de maquinaria agrícola de 18 horas (6 edicións)
- Curso de prevención de riscos laborais no manexo de maquinaria forestal lixeira de 12 horas (4 edicións)
- Curso de prevención de riscos laborais en actividades de poda e tala. Manexo práctico da motoserra de 18 horas (4 edicións)
- Curso de prevención de riscos laborais nas pequenas explotacións gandeiras de 18 horas (5 edicións)
- Curso de prevención de riscos laborais en traballos agropecuarios de 18 horas (4 edicións)
- Curso de prevención de riscos laborais en adegas e tarefas vitivinícolas de 18 horas (9 edicións)

A oferta formativa 2012

A oferta formativa do ISSGA dáse a coñecer fundamentalmente a través da páxina web e a distribución de dípticos coa oferta formativa anual.

Tamén se pode consultar nos centros que o ISSGA ten nas catro provincias e onde se desenvolve a maioría da actividade formativa presencial ofertada.

As accións formativas de diferente tipo desenvolvidas no 2012 foron as seguintes:



5.4.1. Cursos

- Curso de prevención de riscos laborais. Nivel básico 35 h.
- Curso básico de prevención de riscos laborais. Sector construción. 60 h.
- Curso de albanelería. Sector construción. 20 h.
- Curso de prevención de riscos laborais en modalidade semi-presencial. Policía autonómica. Nivel básico 50 h.
- Curso de prevención de riscos laborais en liña. Nivel básico 60 h.
- Curso de prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre en liña. Nivel básico. 60 h.
- Curso de prevención de riscos laborais en liña. Bombeiros. Nivel básico 50 h.
- Curso de prevención de riscos laborais para actividades do agro. Nivel básico 35 h.
- Cursos de prevención de riscos laborais no sector agrario e forestal

5.4.2. Xornadas técnicas

Centro ISSGA. A Coruña

- Presentación de dúas publicacións sobre traballos en altura no sector da construción editadas pola Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña
- Sistemática da avaliación hixiénica
- Accidentes non traumáticos. Accidentes de traballo

- Mapa de risco químico. Resultados 1ª fase
- A investigación en saúde laboral: matrices exposición efecto
- Seguridade viaria e xestión da mobilidade
- Obras de construción sen proxecto ou de emerxencia
- Prevención e seguridade no sector forestal
- Exposición profesional a radiacións ópticas. Rd 486/2010
- Exposición a po de sílice nas marmorerías e talleres de transformación de pedra
- Presentación da Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización de equipos de traballo do INSHT

Centro ISSGA. Lugo

- Espazos confinados. Solucións preventivas
- Prevención e seguridade no sector forestal
- Guía técnica para a avaliación e prevención de riscos no traballo a bordo dos buques de pesca
- Integración da prevención nos proxectos técnicos. Traballando xuntos pola prevención
- Guías para a simplificación documental e directrices sobre a calidade dos servizos de prevención alleos
- Accidentes non traumáticos. Accidentes de traballo

Centro ISSGA. Ourense

- Observatorio ISSGA: enquisas e estudos técnicos

- Seguridade e saúde laboral no marco dunha prestación de servizos transnacional
- O xénero na prevención de riscos laborais: integración no sector primario
- Ergonomía e trastornos musculoesqueléticos. Aplicación práctica para a mobilización de enfermos. Métodos para a valoración segundo a Norma ISO-NP TR 12296. Método MAPO
- A nova guía técnica de construción do INSHT
- Integración da prevención nos proxectos técnicos. Traballando xuntos pola prevención
- Accidentes non traumáticos. Accidentes de traballo

Centro ISSGA. Pontevedra

- O risco ergonómico. A súa avaliación e control
- Accidentes non traumáticos. Accidentes de traballo
- O xénero na prevención de riscos laborais: directrices de avaliación e experiencias de integración nos servizos de prevención
- Toma de mostras de aerosois. Mostreadores de fracción inhalable
- Toxicoloxía industrial
- Guías para a simplificación documental e directrices sobre a calidade dos servizos de prevención alleos

5.5. Hixiene analítica

O Laboratorio de Hixiene Analítica (LHA) do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), ten como principal finalidade servir de instrumento para avaliar potenciais contaminantes químicos existentes no ambiente laboral, analizando tanto mostras ambientais como mostras biolóxicas (sangue, soro, urina, etc.) dos traballadores expostos. Dentro do Plan de Actividades do ano 2012 do ISSGA o Laboratorio de hixiene analítica ten especificamente asignado o epígrafe CAS 13, que se engloba dentro das accións de colaboración e asesoramento técnico do ISSGA. Para dar cumprimento a este obxectivo, publicouse a Orde do 24 de febreiro de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen os prezos privados pola realización de determinacións analíticas. Dende esa data o ISSGA, a través do Laboratorio de referencia de hixiene analítica, oferta a realización de determinacións analíticas de mostras ambientais e biolóxicas procedentes da exposición a axentes químicos, dispoñendo de toda a información na páxina web do ISSGA.

Para desenvolver este programa e garantir a máxima calidade do servizo prestado, ademais da actividade analítica propiamente dita, cómpre establecer un elevado número de controis, tanto internos como externos, e realizar unha importante actividade documental, baseados no cumprimento da norma UNE-EN ISO/IEC 17025, sobre Avaliación da conformidade. Requisitos xenerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e de calibración.

A actividade analítica do laboratorio centrouse na validación de métodos analíticos, no aseguramento do sistema de calidade e, relacionado con este, na participación en programas de control de calidade interlaboratorio organizados polo INSHT; e, por suposto, na realización da análise de mostras de procedencia externa ao laboratorio.

Na actualidade o LHA do ISSGA participa nos seguintes Programas interlaboratorio de control de calidade do INSHT:

- PICC-Met: determinación de metais en filtros de membrana por espectrofotometría de absorción atómica (Cd, Cr, Ni e Pb)
- PICC-VO: determinación de vapores orgánicos en tubos de carbón activo por cromatografía de gases (benceno, tricloroetileno, tolueno e m-xileno)

- PICC-Gr: determinación de materia particulada en filtros por gravimetría (filtros de PVC e filtros de FV)
- PICC-FA: recuento de febras en filtros por microscopía óptica con contraste de fases.
- PICC-Pbs: determinación de chumbo en sangue por espectrofotometría de absorción atómica-forno de grafito.
- PICC-MetU: determinación de metais en urina por espectrofotometría de absorción atómica-vapor frío (Cr e Hg).

No que se refire a actividade analítica propiamente dita, nas táboas que seguen, resúmese a actividade do laboratorio en relación ao número de mostras (Táboa 1), número de análises (Táboa 2) e número de determinacións realizadas (Táboa 3). Todas as táboas diferencian a actividade tanto por programas como por técnicas analíticas. A táboa 4 sintetiza o número de mostras, análises e determinacións en función do tipo de mostra.



TABOA 1. Número de mostras segundo programa e técnica analítica

Técnica analítica	Programa de actividade				Total
	LHA1	LHA2	LHA3	C.I.	
Cromatografía de gases	140	25	4	23	192
Espectrofotometría de absorción atómica	60		10	40	110
Gravimetría	60		2	22	84
Microscopía	12				12
Total	272	25	16	85	398

LHA 1. Aseguramento da calidade

LHA 2. Normalización e posta a punto de métodos analíticos

LHA 3. Análises externas

C.I. Controis internos

TABOA 2. Número de análises segundo programa e técnica analítica

Técnica analítica	Programa de actividade			Total
	LHA1	LHA2	LHA3	
Cromatografía de gases	200	72	6	278
Espectrofotometría de absorción atómica	123		54	177
Gravimetría	76		8	84
Microscopía	27			27
Total	426	72	68	566

LHA 1. Aseguramento da calidade (inclúe os correspondentes controis internos)

LHA 2. Normalización e posta a punto de métodos analíticos (inclúe os correspondentes controis internos)

LHA 3. Análises externas (inclúe os correspondentes controis internos)

TABOA 3. Número de determinacións segundo programa e técnica analítica

Técnica analítica	Programa de actividade			Total
	LHA1	LHA2	LHA3	
Cromatografía de gases	760	119	24	903
Espectrofotometría de absorción atómica	233		64	297
Gravimetría	156		8	164
Microscopía	27			27
Total	1.176	119	96	1.391

LHA 1. Aseguramento da calidade (inclúe os correspondentes controis internos)

LHA 2. Normalización e posta a punto de métodos analíticos (inclúe os correspondentes controis internos)

LHA 3. Análises externas (inclúe os correspondentes controis internos)

TABOA 4. Número de mostras, análises e determinacións segundo o tipo de mostra

Tipo de mostra	Mostras	Análises	Determinacións
Filtros metais	41	45	163
Filtros materia particulada	84	84	164
Filtros reconto febras	12	27	27
Tubo de carbón activo	178	250	828
Mostras biolóxicas	69	132	134
Outras	14	28	75
Total	398	566	1.391

5.6. Medicina do traballo

Os catro centros provinciais do ISSGA realizan recoñecementos médicos en patoloxías concretas para poder facer estudos epidemiolóxicos. Ademais, fanlles recoñecementos médicos e análises correspondentes a actividades programadas, ou a demanda, fundamentalmente a traballadores autónomos e traballadoras autónomas, correspondentes á vixilancia da súa saúde.


Estes recoñecementos corresponden principalmente a:

- Estudos epidemiolóxicos realizados para facer aflorar enfermidades profesionais no marco do Plan de actividades do ISSGA
- Solicitudes dos equipos de valoración de incapacidades para os efectos de emitir informes de investigación de enfermidades profesionais
- Solicitud de empresas e traballadores para recoñecementos médicos específicos no marco do Plan de actividades
- Solicitud da Inspección de Traballo e Seguridade Social en relación coa valoración da vixilancia de saúde nas actuacións que se requira

Así mesmo, realizan investigacións de enfermidades profesionais e avaliacións ergonómicas de postos de traballo.

Recoñecementos médicos	680
Análises	789
Número de determinacións analíticas	36.393
Número de probas médicas complementarias	7.241

Probas auditivas	983
Probas respiratorias	1.138
Probas visuais	3.323
Probas cardíacas	712
Probas radiolóxicas	17
Outras probas	1.068
Totais	7.241



P. Hematolóxico	Nº probas x Nº traballadores	16.875
P. Bioquímico	Nº probas x Nº traballadores	10.605
Probas ouriños	Nº probas x Nº traballadores	8.446
Perfil serolóxico	Nº probas x Nº traballadores	467
Totais	Nº probas x Nº traballadores	36.393

6. Directorio

ISSGA - Dirección

Casa da Parra
Praza da Quintana de Vivos, s/n
15704 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 957 018
Fax: 881 999 433
Enderezo-e:
issga.direccion@xunta.es



Centro ISSGA A Coruña

Rúa Doutor Camilo Veiras, 8
15006 A Coruña
Tlf.: 981 182 329
Fax: 981 182 332
Enderezo-e:
issga.coruna@xunta.es



Centro ISSGA Lugo Ronda de Fingoi, 170 27071 Lugo Tlf.: 982 294 300 Fax: 982 294 336 Enderezo-e: issga.lugo@xunta.es	
Centro ISSGA Ourense Rúa de Villaamil e Castro, s/n 32872 Ourense Tlf.: 988 386 395 Fax: 988 386 222 Enderezo-e: issga.ourense@xunta.es	
Centro ISSGA Pontevedra Camiño Coto do Coello, 2 36812 Rande - Redondela Pontevedra Tlf.: 886 218 100 Fax: 886 218 102 Enderezo-e: issga.pontevedra@xunta.es	

7. Anexos

Follas de Prevención editadas no ano 2012


Nº 30 - www.issga.es



JOSÉ REGA PIÑEIRO
Técnico superior en Prevención de Riscos Laborais
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Edita: Instituto Galego de Seguridade e
Saúde Laboral - ISSGA
Coordinación: Alberto Conde Bóveda
Maquetación: Alberto Conde Bóveda

SISTEMAS DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (I)



DEFINICIÓN

O artigo 14.2 da Lei de prevención de riscos laborais obriga o empresario a realizar a prevención dos riscos laborais, para o que ha de integrar a actividade preventiva na empresa e adoptar as medidas de

protección necesarias, coas especialidades recollidas nos artigos seguintes, que completan o capítulo III da citada lei.

XUNTA DE GALICIA



folla de prevención

ALBERTO VILLARROYA LÓPEZ

Técnico superior en Prevención de Riscos Laborais
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
Servizo Galego de Saúde

Edita: Instituto Galego de Seguridade e
Saúde Laboral - ISSGA
Coordinación: Alberto Conde Bóveda
Maquetación: Alberto Conde Bóveda

MOBILIZACIÓN DE PACIENTES: AVALIACIÓN DO RISCO. MÉTODO MAPO



INTRODUCCIÓN

A mobilización de pacientes en ámbitos sanitarios constitúe un dos principais factores de risco para as lesións de costas, e por iso entre o persoal sanitario ten unha especial incidencia a lumbalxia aguda,

debido á manipulación manual de pacientes por tarefas de hixiene, traslados ou cambios posturais. Así, os trastornos dorsolumbares derivados destas tarefas teñen a súa orixe principalmente na realización de levantamentos incorrectos con cargas excesivas e na adopción de posturas incorrectas, tanto

XUNTA DE GALICIA



folla de prevención

JOSÉ REGA PIÑEIRO

Técnico superior en Prevención de Riscos Laborais
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Edita: Instituto Galego de Seguridade e
Saúde Laboral - ISSGA
Coordinación: Alberto Conde Bóveda
Maquetación: Alberto Conde Bóveda

SISTEMAS DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (II)



MODELOS DE SISTEMAS DE XESTIÓN

En xestión preventiva, ao falarmos dos antecedentes dos sistemas actuais, temos a obriga de citar dous modelos tradicionais: o control total de perdas e o DuPont, que se mencionan brevemente.

Control total de perdas: introduciuse en España a mediados da década dos 70 do século pasado a través da Asociación para a Prevención de Accidentes (APA) e tivo unha influencia importante na xestión da prevención de riscos laborais en empresas de todo o mundo. O dito modelo non trata exclusivamente esta área de xestión; tamén se centra no control e na redución de todas as perdas susceptibles de

XUNTA DE GALICIA




folla de prevención

FRANCISCO JAVIER COPA RODRÍGUEZ
Técnico superior en Prevención de Riscos Laborais
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Edita: Instituto Galego de Seguridade e
Saúde Laboral - ISSGA
Coordinación: Alberto Conde Bóveda
Maquetación: Alberto Conde Bóveda

RADIACIÓNS ÓPTICAS ARTIFICIAIS INCOHERENTES



ESPECTRO ELECTROMAGNÉTICO

Cando unha carga eléctrica oscila ou se acelera, xera un fenómeno físico formado por un campo eléctrico e un magnético perpendiculares entre si, denominado onda electromagnética, que nós podemos percibir en

forma de luz ou radiación como por exemplo a luz visible ou as microondas.

En física, unha onda consiste na propagación dunha perturbación dalgunha propiedade dun medio, por exemplo, densidade, presión, campo eléctrico ou magnético, a través do devandito medio, implicando un transporte de enerxía sen transporte de materia. O medio perturbado pode ser de natureza diversa como

XUNTA DE GALICIA



folla de prevención

ESTHER VARELA CERDEIRA

Técnica superior en Prevención de Riscos Laborais
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Edita: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Coordinación: Alberto Conde Bóveda

Maq. e impresión: Rella SL D. Legal: C 2672-2012

Edición: novembro 2012 ISSN: 2254-9102

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS CON MAQUINARIA AGRÍCOLA



MAQUINARIA AGRÍCOLA

Unha parte importante dos accidentes graves e mortais no sector agropecuario, rexistrados ou non, teñen

como axentes orixinarios principais o tractor e a maquinaria agrícola.

No anexo II do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o regulamento xeral de vehículos,



Galicia
inverte no RURAL




Outras publicacións do ano 2012

Estudo epidemiolóxico no marisqueo a pé

ESTUDO DE SAÚDE LABORAL ISSGA



XUNTA DE GALICIA





El documento de protección contra explosiones

Manual de ayuda

GUÍA TÉCNICA ISSGA



XUNTA DE GALICIA





2

ISSGA LEMBRA

CHALECO SALVAVIDAS AUTOINFLABLE DE TRABALLO SEN RADIOBALIZA

O uso dun equipo de protección individual (EPI) é necesario cando as medidas colectivas non evitan un determinado risco (Lei 31/95 de PRL).

O chaleco autoinflable de traballo garántenos a flotabilidade no caso de caída accidental ao mar cando estamos a traballar na cuberta.

Outra normativa de interese: Rd 809/1999 e Rd 543/2007



NO AGRO

prevención de riscos laborais

O TRACTOR

Ten en conta os seguintes requisitos e recomendacións cando uses o tractor.

ITV:

- Exister en 8 principios anos.
- Menos 8-10 anos.
- Anual a partir de 10 anos.
- Excepción motocultores, motoniveladoras, etc. non é obrigatoria a ITV.

ELEMENTOS DE SEGURIDADE VIARIA:

Obrigatorio en bo estado.
Exemplos: espellos retrovisivos, espigón, iluminación, etc.

Mantén en bo estado e limpo os asientos, escudo e espigóns.

Dispositivo de CINTO DE SEGURIDADE e facer uso del sempre que exista dispositivo de protección contra o resaca.

En traballos forestais ou zonas de alta densidade forestal dispoñer de:

- Exister de asientos.
- Dispositivos antichoque no lado de escape.
- Dispositivo de retención de choques.

MATRÍCULA:

en bo estado e visible.

Alta no Registro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA).



PERMISO DE CIRCULACIÓN:

Nivel permiso clase B

Baixo coa licenza de condución (idade mínima 16 anos) cando:

- Masa ou dimensións do vehículo agrícola non excede as máximas autorizadas.
- A velocidade máxima por construción non excede de 40 km/h.

SINALIZACIÓN:

Sinalización luminosa V-2:

Sinal controlada por unha luz de cor amarela auto homocíclica.

Debe ser visible a 100 m tanto de día como de noite.

Sinalización V-4:

Sinalización de limitación de velocidade.

É recomendable dispoñer de:

- Caixa de primeiros auxilios.
- Chaleco reflector.
- Triángulo de perigo.

Dispoñer de elementos de seguridade: GABINA ou PORTICO (atrás do asistente).

O TRACTOR CUN APEIRO

Segue estes consellos para diminuír situacións de risco nos traballos do tractor cun apeiro.

1. OPERACIÓNS PREVIAS:

- Planificar o traballo.
- Realizar o mantemento da máquina segundo as instrucións do fabricante.
- O tractor e o apeiro dispoñibles de todos os elementos de protección en bo estado.



3. SUBIR E BAIXAR DO TRACTOR:

Mantén en bo estado e limpo os asientos e as agarradeiras do tractor.

Subir e baixar sempre de cara ao tractor polo lado agarradeiras e facendo uso das agarradeiras.

Non baixar do tractor sen antes de:

- Completar o traballo.
- Usar unha boa técnica de seguridade con sala antecarante.



2. ENGANCHE E DESENGANCHE DO APEIRO:

Centrar o apeiro e o tractor e desconectar a mancha e a tomo de forza.

Non cases de haber un asistente, non se interrompa entre tractor e a máquina durante o manexo de enganche ou desenganche e mantense a un lado ata que o tractor estivo inmovilizado.

Colocar os balidos e os pasadores de seguridade, asegurando o apeiro lonxitudinalmente e transversalmente e estabilizando os brazos inferiores do tractor.

Colocar a aperta cando con tomo de forza do tractor desconectada, comprendendo a tomo de todos os pasadores e asegurando os cadans antecarante do lado de protección.

Conectar todos as conexións hidráulicas e eléctricas en bo estado.



4. INSPECCIÓN DA MÁQUINA DURANTE O TRABAJO:

Parar o tractor ao traballo.

Descender a altura da tomo de alimentación da máquina.

Agarrar o tractor.

Asegurar que non existe ningún elemento ou persoas que poida interferir coa conexión anterior.



A MOTOSERRA

Realiza as seguintes operacións para traballar con seguridade cando empregues a motoserra.

1. OPERACIÓNS PREVIAS:

- Planificar o traballo.
- Realizar o mantemento da máquina segundo as instrucións do fabricante.
- Verificar o funcionamento da motoserra.




2. ACENDIDO:

Antes de arrancar a motoserra, colocar os equipamentos de protección individual necesarios.

O método máis seguro de acendido da motoserra é arrastado no chan.

Verificar que a cadea non está en contacto coa máquina do motor.



3. RECARGA:

- Agarrar o motor e detendo o motor.
- Recargar en lugares ventilados e evitar ventilación.
- Non fumar.



4. TRANSPORTE:

En distancia curta, activar sempre e fins da cadea ou apagar o motor.

En distancia longa, levar sempre o motor e colocar a funda protectora da cadea.



5. REMATE:

Agarrar a motoserra e colocarlle o protector da cadea antes de transportar.



A ROZADOIRA

Estas indicacións axudarache a evitar un accidente se fas traballos coa rozadoira.

1. OPERACIÓNS PREVIAS:

- Planificar o traballo.
- Realizar o mantemento da máquina segundo as instrucións do fabricante.
- Verificar o funcionamento da rozadoira.



2. TRANSPORTE:

- Agarrar a máquina nos depósitos.
- Asegurar a máquina no vehículo.



3. RECARGA:

- Agarrar o motor e detendo o motor.
- Recargar en lugares ventilados e evitar ventilación.
- Non fumar.



4. COLOCACIÓN E AXUSTE:

Axustar a altura da máquina en función da altura do operario segundo as instrucións do fabricante.



5. ACENDIDO:

Colocar os equipamentos de protección individual necesarios para desenvolver o labor.

Realizar o acendido do motor e o elemento de corte non bata no chan causando o grupo motor.



6. ROZA:

Non retirar as protecciónes.

Mantén a distancia de seguridade: 25 m.

Seleccionar os elementos de corte e de traballo segundo a situación que se vai cortar.





Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral

galicia

xaneiro

febreiro

marzo

abril

maio

xuño

xullo

agosto

setembro

outubro

novembro

decembro



XUNTA
DE GALICIA